



**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

**ANUNCIO**

Aprobado inicialmente a modificación parcial do Regulamento dos comedores escolares dos CEIP Unión Mugardesa e Santiago Apóstolo, en sesión ordinaria realizada o 31 de agosto de 2022, en cumprimento do disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, ábrese un prazo de información pública durante trinta días hábiles durante o cal ás persoas interesadas poderán presentar as reclamacións e suxerencias que estimen por oportunas.

O cómputo do prazo inciarase a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de a Coruña.

Simultaneamente publicarase no taboleiro de anuncios do Concello dispoñible no portal de internet <https://mugardos.gal/es/>, e na sección de Transparencia, Normativa (normativa en tramitación, <https://mugardos.sedelectronica.gal/transparency/d77c0a0a-0f27-49e1-9060-82c76ea5b882/>) xunco coa seguinte documentación:

- Certificado do acordo adoptado polo pleno en sesión ordinaria realizada con data 31.08.2022.
- Texto consolidado coas modificacións introducidas resaltadas en distinta cor e texto vixente na actualidade para que se poda realizar a comparativa dos cambios introducidos.
- Informes municipais emitidos pola psicóloga municipal de 06.04.2022 e de secretaría de 02.08.2022.

O expediente estará igualmente a disposición da veciñanza en formato papel no servizo de Secretaría de 09.00 a 14.00 horas, e o contido dos informes técnicos, resultado da fase previa de audiencia e participación públicas, estarán dispoñibles igualmente na indicado portal de internet, sección e apartado.

No caso de que durante o indicado prazo non se presente observación ou reclamación ningunha, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, levándose a cabo a publicación do acordo e texto íntegro da Ordenanza no BOP de Pontevedra, sen que entre en vigor ata o transcurso do prazo dos quince días hábiles ao que se refire o artigo 70 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

O texto do Regulamento quedará a permanente disposición do público no enderezo electrónico, sección Transparencia, apartado Normativa en vigor (<https://mugardos.sedelectronica.gal/transparency>).





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

O que se fai público de acordo co artigo 7.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información e Bo Goberno e no exercizo das funcións conferidas polo artigo 3.2º.j) do Real decreto 128/2016, de 18 de marzo, de Réxime Xurídico dos Funcionarios con Habilitación de Carácter Nacional.

Mugardos, documento asinado electrónicamente á marxe.

A secretaria,

Paula E. Ramos Díaz

